

ADVERBIOS E LOCUCIÓNS ADVERBIAIS

1. Completa as frases seguintes cos adverbios e as locucións adverbiais adecuadas:

amodo - diante - de cando en vez - deseguido á esquerda - paseniño - máis ou menos

- a) Mar cambiou de escola, pero virá vernos _____
- b) Non teñas présa, mellor que o fagas _____
- c) Non sufras, xa non tardará, díxome que chegará _____
- d) Os pratos van _____ da lacena.
- e) Que sorte chegar os primeiros, colocámonos _____
_____ da na fileira.
- f) Saca os zapatos e vai _____ para non facer ruído.
- g) Non traio reloxo, pero deben de ser _____
_____ as cinco da tarde.

2. Relaciona cada locución adverbial co adverbio que significa o mesmo.

- | | |
|-------------|---------------------|
| a escape • | • sinceramente |
| ás toas • | • repentinamente |
| de súpeto • | • inconscientemente |
| de certo • | • rapidamente |

3. Identifica os adverbios que atopas no texto seguinte e clasifícaos segundo a circunstancia que expresen.

Mañá vou de viaxe ás Cíes. A pesar de que non están nada lonxe de aquí, non fun nunca. Sempre nos pasa que aquilo que temos máis preto é aquilo que coñecemos peor. Como a viaxe non é moi longa, nuns días voverei escribir neste blog e explicareivos como o pasei (espero que moi ben!). Se vós fostes algunha vez, poderíades deixarme un comentario e compartir así as vosas impresións comigo.

LUGAR

TEMPO

MODO

CANTIDADE

